



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Miguel Alfonso Pallarés
D. Luis Alonso Bacigalupe
D^a. M^a. Luisa Alonso Escontrela
D^a. M^a Isabel Alonso García
D. Pedro A. Araujo Nespereira
D. Ramón Araujo Casado
D^a. M^a. Cristina Arias Fernández
D^a. Fátima Árias Nóvoa
D^a. M^a. del Carmen Arriba Pérez
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Juan Blanco Gutiérrez
D. Francisco Ramón Botana Ferreiro
D^a M^a Isabel Bouza Álvarez
D. Camilo Brandín Feijoo
D. Enrique J. Buch Gómez
D^a. Soledad Bugallo Petit
D^a. M^a. Alicia Cachafeiro López
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Lino Pedro Canedo de la Torre
D. Víctor Cardador González
D. Alfonso Caride Losada
D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
D. Javier Castro Martínez
D. Pablo Javier Cebra Loureda
D. José Chavete Rodríguez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Alfonso Cid Sabucedo
D^a. Cristina Comesaña Cabaleiro
D. Eusebio Corbacho Rosas
D^a Patricia Corbacho Suso
D. Miguel Ángel Crestelo Blanco
D. Pedro Cuesta Morales
D. Jose M^a Da Rocha Álvarez
D. Guillermo De Oca Cancela
D^a. Julia M^a. D. de la Montaña Miguélez
D^a. Encarnación De Miguel Villegas
D. Javier de Vicente Remesal
D. Manuel Deaño Deaño
D. Jaime Díaz de Bustamante
D. Domingo Docampo Amoedo
D. Luis Espada Recarey
D^a. Margarita Estévez Toranzo
D. Manuel Fernández Areal
D^a. Esperanza Fernández Gómez
D^a. Xiana Fernández Rodríguez
D. Emilio Manuel Fernández Suárez
D^a. Generosa Fernández Manfín
D^a. María Fernández Silva
D. Xosé Friol Piñeiro
D^a. Ana Gago Martínez
D. Pedro Pablo Gallego Veigas

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día doce de xullo de dous mil, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O mércores, **día 12 de xullo de 2000**, ás 10:30 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar o seguinte punto da Orde do día:

- 1.- Debate e adopción de acordos, se procede, sobre a Proposta de Normativa de Permanencia na Universidade de Vigo.
- 2.- Debate e adopción de acordos, se procede, sobre a sociedade anónima "Cidade Universitaria S.A."

Antes de inciar a sesión o Rector informa que neste Claustro é de aplicación o artigo 5.1 do regulamento de réxime interno do Claustro que di " As decisións do Claustro adoptarán a forma de acordos en materias da súa competencia. Nos restantes casos adoptarán a forma de mocións ou propostas, que non vinculan ó Rector/a nin á Xunta de Goberno no exercicio das súas competencias". A Mesa do Claustro decidiu por 4 votos a favor e 3 en contra que as decisións que poidan saír do Claustro terán a consideración de mocións.

Asimesmo sortéase a letra para a

quenda de intervencións e sae a "N".

D^a. Secundina García Conde
 D. Antón García Fernández
 D. Guillermo García Lomba
 D^a. Aida García Molares
 D^a. Alma M^a. Gómez Rodríguez
 D. Alejandro González Fontenla
 D^a. Eva M^a González Fernández
 D. José Luis González Cespón
 D. David Irago Abalde
 D. Alfonso Lago Ferreiro
 D. Francisco Abelardo Lamilla Curros
 D. Ángel Latas Parada
 D. José Luis Legido Soto
 D^a. Beatriz López Estévez
 D^a. M^a. del Pilar López Vidal
 D. Luis López Pérez
 D. Benjamín Macía Fernández
 D. Federico Mallo Ferrer
 D. Gonzalo Marino González
 D. Carlos Márquez Solla
 D. Oscar Martínez Rodríguez
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
 D^a. Patricia Silvia Mascuñán Tolón
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Xosé Luis Outes Ruso
 D. Alejandro Padín Losada
 D. José Peleteiro Salgado
 D^a. Nikole Pérez Mato
 D^a. M^a Flor Pérez Paz
 D. Elías Pérez Carrera
 D. José Pose Blanco
 D. Manuel J. Reigosa Roger
 D. Manuel Ángel Rey Fraile
 D. Luis Alfonso Rodríguez López
 D^a. M^a del Pilar Rodríguez Seoane
 D. Raul Fernando Rodríguez Rubio
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
 D. Carlos Román Lago
 D. José Ramón Rúa Rodríguez
 D^a. Elena Sánchez Trigo
 D. Iago Soto Mata
 D. José Tojo Suárez
 D^a. M^a. Concepción Tojo Suárez
 D. Guillermo Tomás Vizcaino
 D. José Ángel Vázquez Barquero
 D. Manuel Velasco Graña
 D. Federico Vilas Martín
 D. Carlos Vivas Martínez

Punto 1. Proposta de Normativa de Permanencia na Universidade de Vigo.

Intervén en primeiro lugar o Sr. Carpintero pedindo que se pare a actual proposta de normativa de permanencia e se mellore. Di que debería crearse unha Comisión no Claustro que redacte unha nova normativa (por exemplo, a partir da actual).

O Sr. Cardador considera positiva a normativa pero apoia que volva a ser tratada en Xunta de Goberno para intentar que sexa aprobada por consenso.

O profesor Corbacho considera necesario que esta normativa e o regulamento de estudantes sexan aprobadas sen contradicións entre ambas.

O Rector recorda que cando presentou o informe anual xa anunciou que vai indicar ó Consello Social que recomende á Xunta de Goberno que volva a estudar este tema en coherencia coas normas de xestión académica e co regulamento de estudantes. En todo caso considera que a decisión non debe retrasarse.

O profesor Tojo fai a seguinte proposta:

"O Claustro manifesta o seu rexeitamento á normativa de permanencia e solicita ó Consello Social que a devolva á Xunta de Goberno e que sexa debatida na comunidade universitaria".

O Sr. Cardador propón:

"O Claustro solicita ó Consello

Social que devolva a normativa de permanencia á Xunta de Goberno e que sexa debatida na comunidade universitaria.

Vótanse as dúas propostas:

- A favor da proposta do profesor Tojo: 67 votos
- A favor da proposta do Sr. Cardador: 19 votos
- En branco: 2votos

Apróbase a moción proposta polo profesor Tojo.

Punto 2. Sociedade Anónima "Cidade Universitaria S.A."

Intervén en primeiro lugar o profesor Tojo explicando as razóns de solicitar este Claustro. Recorda varios artigos dos Estatutos sobre competencias do Claustro e da Xunta de Goberno e di que o Rector debe informar ó Claustro con detalle dos obxectivos a curto, medio e longo prazo de Cidade Universitaria S.A.

O Rector informa dos pasos dados neste proceso: aprobación en Xunta de Goberno en xuño de 1999 (de acordo co establecido no regulamento de réxime económico aprobado no Claustro), aprobación implícita nos informes do Rector dos anos 1999 e 2000 e no orzamento do ano 2000, que inclúe unha partida para ese fin.

A continuación ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Outes di que a Cidade Universitaria S.A. é un paso no camiño da privatización. É un proxecto opaco e deslexítima os órganos colexiados (Xunta de Goberno e Claustro) da Universidade. Ten, na súa opinión, obxectivos demasiado amplios e comporta riscos cara ó futuro; di que no futuro, esta Sociedade Anónima podería chegar a corrixir os exames ou a xestionar o CACTI. Di que o Claustro debería ter información sobre o estado financeiro desta sociedade e termina preguntando se os nacionalistas e sindicalistas desta Universidade saben o que significa estar asovallados polo capitalismo.

O profesor Pose di que no estado español non hai precedentes deste tipo e que esta sociedade impide o control dos órganos colexiados. Pide que se rectifique.

O profesor Reigosa recorda que o regulamento de réxime económico, que foi aprobado polo Claustro no ano 1995, establece que a participación en sociedades mercantiles será aprobada pola Xunta de Goberno. Matiza que privatizar significa partir de algo que xa existe e pasalo de

dominio público ó privado pero non facer algo novo.

O profesor R. Berrocal non está de acordo con que as decisións sobre planificación e explotación de servizos se fagan por medio dunha Sociedade Anónima. Di que os socios buscarán a máxima rentabilidade e non o mellor servizo. Recomenda ós representantes da Universidade de Vigo no Consello de Administración que inicien o proceso de disolución e que se estudien outros modelos de xestión.

O profesor Tojo di que se debe intentar que o apoio financeiro se centre na docencia e na investigación. Outro tipo de servizos deben levarse a cabo por concesións e non a través dunha Sociedade Anónima. Opina que esta sociedade usurpa as funcións propias da Universidade. Por último insta ós representantes da Universidade na Xunta Xeral de accionistas a iniciar o proceso de disolución e liquidación de Cidade Universitaria S.A.

O profesor Vázquez Barquero da lectura a un texto (anexo) e propón que C.U.S.A. sexa substituída por un Consorcio Interinstitucional.

O profesor Cid Sabucedo opina que o Claustro debería reprobar a actuación da Xunta de Goberno. Fai súas as intervencións dos profesores Outes, Tojo, Pose e Vázquez Barquero. Cuestiona irregularidades e carencias na documentación que no seu día estudiou a Xunta de Goberno.

O profesor Corbacho di que non hai regulamento que poda impedir que o Claustro debata. Gustaríalle ter participado no debate para analizar se Cidade Universitaria S.A. é boa idea ou non.

O profesor Legido di que o artigo 4 do regulamento de réxime económico establece que a creación de sociedades anónimas é competencia da Xunta de Goberno, pero "dentro das previsións establecidas en cada exercicio".

O profesor Mallo opina que con estas iniciativas ten claro que as palabras do programa electoral do Rector "por unha Universidade pública de calidade" están valeiras. Di que isto fará que a nosa Universidade sexa menos pública xa que parece que Cidade Universitaria S.A. pode desempeñar as mesmas funcións que a propia Universidade de Vigo. Termina dicindo que o Rector non ten fe nas funcións de xestión que fai o PAS da Univerisidade.

O profesor M. Peñalver opina que o Rector ten unha obsesión enfermiza en non explicar os obxectivos e actividades da sociedade. Di que houbo compra de vontades de grupos que se definen como de esquerdas ou nacionalistas e que eso ten un coste e vai pasar factura. Termina proponendo a inmediata dimisión dos consejeros que representan á Universidade..

A continuación intervén o Rector para dar unha resposta conxunta ás intervencións anteriores.

Manifesta a súa satisfacción pola coincidencia dos membros do Claustro no desexo de querer o mellor para a Universidade e no recoñecemento da necesidade de conseguir apoios externos. Di que o debate na Xunta de Goberno foi profundo e que toda a sociedade coñece xa

esta iniciativa. Informa ó Claustro dos pasos dados ata agora:

O Campus de Lagoas-Marcosende, dada a súa situación ten carencias elevadas. Os investimentos necesarios para facer un Campus con vida propia son de tal envergadura que non poden saír das arcas da Universidade. A Comunidade Autónoma (Cotop) financia as obras de circunvalación e aparcamentos (2000 millóns de pesetas). A residencia universitaria (que non está incluída en Cidade Universitaria S.A.) saíu a concurso de xeito que a empresa constrúa a residencia e se encargue da súa explotación. Quedan pendentes os pavillóns estudiantís e a oferta comercial da que se pode dispor no Campus. Unha posibilidade para acometer este proxecto é unha sociedade anónima. Esta posibilidade non é nova; a Universidade Autónoma de Barcelona, que tamén ten o Campus fóra da cidade, dispón dunha sociedade anónima para xestionar os servicios complementarios de apoio ós estudantes.

Esta iniciativa foi debatida e aprobada na Xunta de Goberno e no Consello Social. O Rector mostra o seu convencimento de que este é o mellor modelo. Captáronse socios externos da categoría de Zona Franca, Caixavigo, Concello de Vigo e Deputación Provincial de Pontevedra. Trátase de entidades públicas xunto coa entidade financeira máis importante do contorno. Os cinco conselleiros representantes da Universidade no Consejo de Administración (Rector, Presidente do Consello Social, Vicerrector de Planificación, Xerente e Secretaria Xeral) foron nomeados pola Xunta de Goberno.

Finaliza dicindo que este proxecto é vital para a Universidade e que será un dos proxectos máis importantes para a cidade de Vigo nos vindeiros dez anos.

Neste momento, o Rector abandona a sesión para asistir á unha xuntanza na Comisión Académica do Consejo de Universidades donde se van a tratar os planos de estudio da Universidade de Vigo.

A continuación intervéñ o Vicerrector de Planificación. Precisa que Cidade Universitaria S.A. é unha sociedade anónima de capital e carácter público, sometida ó control público. Aclara que esta Sociedade non pode realizar actividades docentes e investigadoras e que non existe cesión de terreos á mesma por parte da universidade. O obxecto é prestar os servicios necesarios. O importante é preguntarse se esta acción permite captar máis fondos para iso xa que parece claro que 1400 millóns de pts non poderían saír dos recursos propios da Universidade. Mostra a súa disposición de dar tódolos datos relativos a esta sociedade.

O profesor Vázquez Barquero renuncia á proposta que fixo e súmase á do profesor Tojo.

O profesor Corbacho quere que conste en acta a súa protesta pola marcha do Rector da sesión do Claustro.

O profesor Legido di que máis importante que a legalidade ou non do proceso é o perigo de renunciar a que o Claustro debata sobre este tema.

O Vicerrector de Planificación di que cando se debaten no Claustro os informes anuais ou o orzamento xa se está a debater.

Sométese a votación a seguinte moción proposta do profesor Tojo:

El Claustro acuerda instar a los representantes de la Universidad de Vigo en la Junta General de la Sociedad Pública Mercantil "Ciudad Universitaria S.A.", a iniciar el procedimiento de disolución y liquidación de dicha sociedad, y encomienda a la Comisión de Planificación del Claustro que en un período máximo de tres meses eleve una propuesta al Claustro que permita asumir la consecución de los objetivos previstos en el objeto social de "Ciudad Universitaria S.A.", utilizando el instrumento de actuación pública que considere más adecuado de acuerdo con los principios de ausencia de ánimo de lucro, participación del personal de administración y servicios en su gestión, sometimiento al control interno de la Universidad, y subordinación a los órganos de gobierno de la misma.

A Favor	65 votos
En contra	9 votos
Abstencións	4

Apróbase a moción.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión 14:00 horas do día 12 de xullo de 2000 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo